



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Que afirmación en relación co Estatuto de Autonomía de Galicia é correcta?

- A) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia, e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- B) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do pobo.
- C) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Segundo o artigo 3 da Constitución Española de 1978, a lingua oficial do Estado é o castelán, e todos os españois teñen:

- A) O deber de coñecela e usala.
- B) O dereito de coñecela e usala.
- C) O deber de coñecela e o dereito para usala.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

3. De acordo ao establecido na Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, unha das seguintes opcións non ten condición de autoridade sanitaria:

- A) O Consello de la Xunta de Galicia.
- B) Os alcaldes e alcaldesas.
- C) Os xerentes das áreas sanitarias.
- D) O persoal que leve a cabo funcións de inspección, no desempeño das súas funcións.

4. A Lei 14/1986, do 25 de abril Xeral de Sanidade, establece no seu artigo 1 que, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois e os estranxeiros que teñan establecida a súa residencia en territorio nacional.
- B) Todos os españois e calquera estranxeiro.
- C) Só os españois.
- D) Só os españois maiores de idade.

5. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade da Administración Sanitaria ou entidade titular do centro sanitario, cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria. En caso contrario, a propiedade correspóndelle ao médico que realice a atención sanitaria.
- B) Toda a información contida na historia clínica deberá conservarse, como mínimo, durante dez anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) A historia clínica deberá ser única por paciente polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- D) O acceso por outras persoas distintas ao paciente á información contida na historia clínica deberá estar xustificado pola atención sanitaria do mesmo.

6. Os seguintes comportamentos están tipificados como falta disciplinaria moi grave, conforme regula expresamente o artigo 72 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O abandono do servizo.
- B) O quebranto da debida reserva respecto a os datos relativos ao centro ou institución ou á intimidade persoal dos usuarios e á información relacionada co seu proceso e estancia nas institucións e centros sanitarios.
- C) A notoria falta de rendemento que comporta inhibición no cumprimento das súas funcións.
- D) Todos os comportamentos anteriores teñen a consideración de faltas moi graves.

7. Consonte ao artigo 24 da Lei 1/2004 , de 28 de decembro , de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a funcionaria vítima de violencia de xénero terán dereito:

- A) A redución ou á reordenación do seu tempo de traballo.
- B) Á mobilidade xeográfica do centro de traballo.
- C) Á excedencia nos termos que se determinen na súa lexislación específica.
- D) As tres respostas anteriores son dereitos de todas as funcionarias vítimas de violencia de xénero.

8. Segundo o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nos procesos de selección, os requisitos de participación deberán cumprirse:

- A) Na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- B) O día en que termine o prazo de reclamacións contra a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.
- C) O día en que termine o prazo de reclamacións contra o baremo provisional.
- D) O día en que se publiquen as listas definitivas de aspirantes seleccionados.

9. Segundo o artigo 6 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, serán dereitos sanitarios relacionados coa integridade e intimidade da persoa os seguintes :

- A) Dereito ao máximo respecto posible da intimidade da persoa, en todos os centros, servizos e establecementos sometidos á presente lei, na prestación de actividades sanitarias tales como exploracións, coidados ou actividades de hixiene.
- B) Dereito á integridade física e psíquica.
- C) Dereito a que se reduza a presenza de profesionais, estudantes e investigadores, ou doutros usuarios, que non colaboren directamente na relación da atención sanitaria cando así sexa expresamente solicitado.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Consonte establecen os artigos 21 e seguintes da Lei 55/2003 do 16 de decembro reguladora do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, son causas de extinción da condición de persoal estatutario fixo:

- A) A renuncia, a xubilación, a incapacidade permanente absoluta e a comisión de servizo.
- B) A renuncia, a xubilación, e a sanción disciplinaria firme de separación do servizo.
- C) A renuncia, a xubilación e a declaración en situación de excedencia voluntaria por interese particular.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

Preguntas de reserva

1. O artigo 75 da Lei 8/ 2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, sinala que o establecemento das directrices da política de protección da saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde a:

- A) O Parlamento de Galicia.
- B) O Consello da Xunta de Galicia.
- C) O presidente da Xunta de Galicia.
- D) A persoa que ostenta a máxima responsabilidade da Consellería de Sanidade.

2. Segundo expresa o artigo 1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume como tarefa principal:

- A) A defensa da identidade de Galicia.
- B) A defensa dos intereses de Galicia.
- C) A promoción da solidariedade entre todos cuantos integran o pobo galego.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.